



Festival Internacional
Outono de Teatro 2021

DO 24 SET AO 29 OUT





MIRAMOS ATRÁS E ASOMBRÁMONOS DO CAMIÑO PERCORRIDO, DOS PROBLEMAS SUPERADOS, DOS LOGROS, DAS SORPRESAS RECIBIDAS, DAS NOVAS EXPERIENCIAS, DA ILUSIÓN COMPARTIDA...

30 anos! Os primeiros 30 anos... 2021 é unha edición para a celebración, para o encontro, para o gozo. É un aniversario sinalado e xa temos demostrado que ao FIOT agrádalle aproveitar as ocasións para festexar. Miramos atrás e asombrámonos do camiño percorrido, dos problemas superados, dos logros, das sorpresas recibidas, das novas experiencias, da ilusión compartida e da complicidade sentida, do rebulir na búsqueda de novos horizontes, da forte e delicada urdime tecida, do pequeno milagre dun proxecto desde unha pequena vila que se converte nun referente para as artes escénicas galegas, que transcende o cultural e proxecta Carballo cara o exterior. Un festival con identidade propia e palpitante.

A imaxe que escollemos para esta edición sitúa ao público, aos espectadores, aos carballeses, como actores protagonistas deste traxecto que nos contempla. Tamén á propia cidade, que convertemos en escenario e escenografía do FIOT cada ano. Desde os camerinos da vida, mirámonos, alentados ao festival dispostos a subir á escena. Son parte activa e participativa do proxecto, e o seu acompañamento e fidelidade é un regalo cada ano. O corazón do FIOT é o seu público e queremos renderlle homenaxe e que escoiten o seu merecido aplauso.

A conmemoración trasládase ao programa coa participación de compañías que os fioteiras e fioteiros vimos medrar con nós e, mesmo, recompensamos co Premio do Público. Amigos para os que tamén somos parte da súa historia, e que volven con afecto cando os convidamos. Son compañías, directores e directoras, creadores e creadoras de marcada personalidade, que constrúen linguaxes propias e que, como di o director e dramaturgo Peter Brook, teñen a inxenuidade de buscar o xeito de ir máis aló da súa propia lectura da realidade.

A IMAXE QUE ESCOLLEMOS PARA ESTA EDICIÓN SITÚA AO PÚBLICO, AOS ESPECTADORES, AOS CARBALLESES, COMO ACTORES PROTAGONISTAS DESTE TRAXECTO QUE NOS CONTEMPLA

Todos somos conscientes de que este ano temos máis motivos para celebrar. Tras o FIOT "En pausa" do ano pasado obrigado pola dura realidade que vivimos, volvemos! Aínda hai que afrontar moitas dificultades e incertezas, pero seguimos adiante cos folgos e o pulo de sempre, para reencontrarnos, reflexionar e emocionarnos. Mantemos os nosos compromisos co teatro, en especial coa escena galega, que segue a loitar coas graves repercusións desta crise, e recuperamos funcións que tivemos que pospoñer. Tamén regresan os

clásicos eixos que estruturan o FIOT: o programa de Sala, o Otni, a Rúa dos Contos, o M2, o Teatro de Rúa, e mesmo aproveitamos as novas esixencias para que naza algún, como "En ruta", así como retomamos tamén a diversidade de actividades "En Paralelo". 39 espectáculos, estreas, unha produción propia, diversas colaboracións... Numerosas oportunidades para celebrar atoparnos de novo.

MANTEMOS OS NOSOS COMPROMISOS CO TEATRO, EN ESPECIAL COA ESCENA GALEGA, QUE SEGUE A LOITAR COAS GRAVES REPERCUSIÓNS DESTA CRISE, E RECUPERAMOS FUNCIÓNS QUE TIVERAMOS QUE POSPOÑER

Necesariamente, temos que adaptarnos ás condicións que require a prevención e garanten unha #culturasegura, e a oferta axústase diversificando espazos e canais e coas inevitables reducións de capacidade.

A pandemia puxo de manifesto non só a nosa fragilidade física, senón a dos sistemas sociais e económicos e, sobre todo, a do planeta. Confróntanos co futuro do medio ambiente e, en consecuencia, co dos seres humanos. A reflexión sobre como seguir vivindo e como construír o futuro está presente nos espectáculos que propoñemos. Esta é a clave que escollemos para construír o relato do FIOT 2021 e coa que, como é habitual en todas as edicións, subliñamos o noso compromiso coas inxenuidades sociais e tamén a relevancia das artes escénicas, da cultura, para a superación de catástrofes como a actual.

O medio ambiente, as condutas persoais e insolidarias co noso ecosistema ou coa sociedade, o sistema social que nos avoca a ceder ante a realidade, a soidade, a incompreensión

ou necesidade de entendemento, problemáticas como a visibilización da muller ou a violencia de xénero (coa que fixemos un compromiso de futuro hai anos), a distancia entre a persoa e os seus soños, o valor da festa e do baile como ruptura do cotián, a forza da risa para superar as cousas da vida que nos pesan, os límites do humor, a preta por escapar da normalidade imposta ou o teatro como inesgotable xerador de imaxinación e o seu poder transformador, que ensancha a nosa realidade.

O humor, a comedia como xerador de discurso será a principal vía para abordar esta temática tan transcendente. Por suposto, en compañía e, moitas veces en mestizaxe, con outros xéneros e disciplinas, porque tamén temos drama social, teatro clásico, musical, circo, teatro físico, xestual, teatro de obxectos, baile, teatro sonoro, un espectáculo instalación,... Estamos necesitados de risa e o FIOT está de celebración, e queremos que se note!


ESTAMOS NECESITADOS DE RISA E O FIOT ESTÁ DE CELEBRACIÓN, E QUEREMOS QUE SE NOTE!

Ademais da reflexión, a cultura e as artes escénicas reaccionaron a esta crise cunha explosión de linguaxes e formatos e un uso innovador da cultura dixital. Desde os nosos ciclos máis experimentais, o OTNI e o Certame de Micro-escenas M2, exploramos este ámbito que emprega a tecnoloxía como un recurso máis para a creación e a posta en escena. Despois da grata experiencia do ano pasado, o festival realiza unha nova contribución a través do FIOT Fónico con *O espello que arde*.

Temos moitas ganas. Conectemos de novo, celebremos! Que o corazón do teatro de Galicia palpite!



PROGRAMA DE SALA



S 02 OUT / 20.30 h

MANOLO ALCÁNTARA (Cataluña) *Déjà vu*

*"COMO CADA MAÑÁ, OS MESMOS
ACTOS, A MESMA INERCIA...
PERO, E SE PUIDÉSEMOS SOÑAR
CON OUTRA EXISTENCIA?"*



PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 60 MIN | A PARTIR DE 7 ANOS

A distancia entre unha persoa e os seus sonhos, o que é e o que lle gustaría ser. Sonos moi ambiciosos que espertan os seus aires de grandeza, pero á vez imposibles, que o levan ao desánimo. Unha proposta suxestiva, arriscada e fascinante na que se difumina a fronteira entre a realidade e a fantasía, a partir dunha historia cun punto de melancolía e fino humor.

Circo, música en directo, teatro de obxectos, monicreques, danza, teatro, clown,... gran destreza física, e unha potente linguaxe visual e sonora, conforman o fascinante universo construído polo artista e artesán

Manolo Alcántara, un referente nacional do novo circo. Ben coñecido polo público do FIOT pola súa presenza cos seus anteriores traballos, un dos cales, *Plecs*, gañou o Premio do Público do FIOT hai dez anos.

- **Intérpretes:** Laia Rius, Manolo Alcántara e Andreu Sans/Silvia Compte
- **Soporte intérpretes:** Joan Trilla
- **Vestuario:** Rosa Solé
- **Composición musical:** Laia Rius
- **Deseño de iluminación e son:** Ivan Tomasevic
- **Deseño e construción monicreques:** Toni Zafra
- **Deseño escenografía, idea, creación e dirección:** Manolo Alcántara

S 09 OUT / 20.30 h

CONTRAPRODUCCIÓN, TEATRE ROMEA, HISTRIÓN TEATRO E ENCARO FACTORY (Galicia, Cataluña, Andalucía, Canarias)

Cigarreiras

Cando unha muller está dando a luz ao seu fillo bastardo, froito dunha relación socialmente imposible entre unha proletaria e un burgués, oe a voz dunha multitude na rúa que berra: "Viva a República Federal!". Esta apaixonante historia é unha testemuña da crise política que levou á caída da dinastía borbónica, e das primeiras loitas feministas das traballadoras da Fábrica de Tabacos da Coruña, que iniciou a contratación masiva de man de obra feminina. Tempos convulsos nos que resoan ecos de actualidade.

No centenario da morte de Emilia Pardo Bazán, o FIOT quiere participar na reivindicación dunha escritora de capital relevancia no devir do feminismo e da literatura de finais do s. XIX e principios do XX. Cándido Pazó realiza unha relectura do drama individual e colectivo da súa novela La Tribuna, á que incorpora a retrans e o humor característicos da narrativa da escritora.

Con sete actrices en escena, Contraproduccións aposta por unha gran produción, coa que o FIOT está orgulloso de colaborar, con vocación de realizar unha longa xira dentro e fóra de Galicia, en alianza con tres importantes empresas teatrais do estado.

> **Preestrea: martes 21 de setembro.**

"HOMES, HOMES! PODERÍASE
CONTAR UNHA HISTORIA SEN ELES?
SEN NÓS CONTÁRONSE TANTAS!"



PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 100 MIN
PÚBLICO ADULTO

• **Intérpretes:** Tamara Canosa, Susana Dans, Merce Castro, Isabel Naveira, Covadonga Berdiñas, Ana Santos, Ledicia Sola
• **Diseño de vestuario:** Martina Cambeiro
• **Diseño espazo musical:** Manuel Riveiro
• **Iluminación:** Afonso Castro
• **Diseño de escenografía:** Dani Trillo
• **Producción executiva:** Belén Pichel
• **Versión e dirección:** Cándido Pazó



Ao inicio da función celebrarase o acto de entrega da Xograresa de Outono 2021 a Casilda García Alfaro.

D 10 OUT / 20.30 h

YLLANA (Madrid) Greenpiss

"YA NO HAY TRILOBITES EN EL MAR
EN SIBERIA NO QUEDA NI UN MAMUT
LAS BALLENAS DESAPARECERÁN
ASÍ QUE, HUMANO, YASÓLO QUEDAS TÚ"
"PUEBLOS DEL MUNDO: ¡EXTINGUÍOS!"
(Siniestro Total)



PREZO DA ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

O cambio climático, o uso abusivo dos plásticos, o consumismo desenfreado, a desaparición de miles de especies de animais e a posible extinción dos seres humanos son o punto de partida desta divertidísima sátira sobre a ecoloxía e o futuro da humanidade.

Nun enfrontamento entre unha multinacional e activistas medioambientais, catro actores darán vida a galiñas, políticos, pingüíns, ou árbores. A creativa receita de Yllana para combater este problema transcendental é o seu humor ácido e sen barreiras que non deixa indiferente a ninguén. Un desenfreno eco-ilóxico.

Como o noso festival, Yllana celebra o seu 30 aniversario como unha das mellores compañías de humor xestual de Europa, avalada por máis de 6 millóns de espectadores, 15.000 funcións en 48 países, 35 espectáculos, e numerosos premios, que inclúen dous Max ao mellor espectáculo e catro premios do público do FIOT.

• **Intérpretes:** Fidel Fernández, Luis Cao, Juanfran Dorado e Jony Elías
• **Diseño vestuario:** Tatiana de Sarabia
• **Diseño escenografía:** Carlos Brayda
• **Diseño iluminación:** Fernando Rodríguez Berzosa
• **Diseño de son:** Luis López de Segovia
• **Música orixinal:** Marc Álvarez
• **Coreografía:** Elena Mora "Nani"
• **Produtor executivo:** Marcos Ottone
• **Idea orixinal, creación e dirección:** Yllana

S 16 OUT / 20.30 h

RON LALÁ E COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO (Madrid)

Andanzas y entremeses de Juan Rana

"(...)QUE NUESTRA RAZA INSUMISA
(CHISPA, POLVO, GOTA Y BRISA)
PASA APRISA POR LA TIERRA
DANDO PAZ A SU ALMA EN GUERRA
CON EL ARTE DE LA RISA."



PREZO DA ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 90 MIN | PÚBLICO ADULTO

A Inquisición reúne para celebrar un xuízo que pode cambiar o curso da historia. O acusado é Juan Rana, o comediante máis célebre do Século de Ouro. O delito: facer rir ao público co seu humor irreverente e burlesco retratando a toda a sociedade. Acusado de blasfemia, desacato, irreverencia, provocación, espírito crítico, herexía..., agora debe enfrontarse a unha posible condena: a fogueira! Cal será o veredicto?

Mesturando realidade e ficción, convidanos a reflexionar sobre a risa e o humor e o papel dos comediantes na construción dun discurso que cuestiona as ideas de cada tempo. Que pasaría se non puidésemos rirnos de nós e das cousas da vida que nos pesan? Onde está o límite? Unha pregunta moi acaída para estes duros tempos que nos toca vivir.

Asistiremos a unha festa de entremés dos máis grandes autores como Calderón, con ingredientes ronlaleros

imprescindibles: cinco actores, creación colectiva, dramaturxia orixinal de Álvaro Tato, humor, canto e música en directo, moito enxeño e un desafío artístico.

Tras rotundos éxitos internacionais das dúas coproducións previas, Ron Lalá e a Compañía Nacional de Teatro Clásico volven aliarse nunha nova proposta, finalista a dous Premios Max na edición do 2021. A compañía ten recibido outros dous Max e dous Premios do Público do Fiot (2013 e 2016), onde xa gozamos da maior parte dos seus espectáculos.

- **Intérpretes:** Juan Cañas, Daniel Rovalher, Miguel Magdalena, Íñigo Echevarría e Fran García
- **Escenografía e atrezzo:** Carolina González
- **Vestuario:** Tatiana de Sarabia
- **Son:** Eduardo Gandulfo
- **Iluminación:** Miguel A. Camacho
- **Dirección musical:** Miguel Magdalena
- **Composición e arranxos:** Yayo Cáceres, Juan Cañas, Miguel Magdalena e Daniel Rovalher
- **Dramaturxia e versións:** Álvaro Tato
- **Creación colectiva:** Ron Lalá
- **Dirección:** Yayo Cáceres

V 22 OUT / 21.00 h

SERENA PRODUCCIONES (Madrid)

Solo un metro de distancia

"E SE HAI DISTANCIA,
RESULTA EVIDENTE QUE NON
SE ESTÁ NO MESMO SITIO."
(Antonio C. Guijosa)



ESTREIA EN
GALICIA

PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 95 MIN | A PARTIR DE 16 ANOS

O que me ocorreu, non ocorreu nunca. O que me ocorreu é unha gran mentira. Unha invención. O que me ocorreu non o sabe ninguén. Nunca o dixer. Porque non ocorreu. Ninguén pode velo. A ninguén lle importa. Iso que non me ocorreu, sucedeu hai demasiado tempo. Os recordos. A asfixia. O asco. A vergoña. Toda a rabia. Todo o dano.

A través da historia dun abuso sexual infantil, catro actrices desdóbranse para amosarnos a distancia entre o ser que sofre e o que observa, como convivimos co dano, como somos as súas testemuñas e a incapacidade de entendernos a nós mesmos ou aos demais.

Tras un labor de intensa investigación e documentación, Antonio C. Guijosa

escribe unha obra de conmovedora humanidade que nos atrapa e golpea sen renunciar á delicadeza, e pola que é finalista aos premios Max como Mellor Autoría Revelación. Recordamos o anterior paso desta compañía polo FIOT, polo éxito doutro espectáculo tamén comprometido cos conflitos sociais e éticos, *Iphigenia en Vallecas*, gañadora do Premio do Público do FIOT 2018 e de dous premios Max 2019 ao mellor espectáculo e interpretación.

- **Intérpretes:** Ana Mayo, Beatriz Grimaldos, Camila Viyuela e Muriel Sánchez
- **Escenografía e vestuario:** Mónica Teijeiro
- **Deseño Son:** Mar Navarro
- **Arranxos Musicais:** Toni M. March
- **Iluminación:** Daniel Checa
- **Texto e dirección:** Antonio C. Guijosa

S 23 OUT / 20.30 h

VOADORA (Galicia) Othello

*"COIDADO, MEU SEÑOR, COS CELOS!
É O MONSTRO DE OLLOS VERDES
QUE SE BURLA DA CARNE DA QUE SE ALIMENTA".
(Iago, Acto III)*



PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 90 MIN
PÚBLICO ADULTO

Tras casar en segredo con Desdémona, Othello é designado rexedor en Chipre. Iago, o seu alférez, moverá as inseguridades e os celos do seu superior, tecendo con fíos raciais e de xénero unha perigosa arañeira coa que logrará atrapar a todas as personaxes da obra.

#NiUnaMenos, #BlackLivesMatter, #Posverdad e #FakeNews danse cita nunha historia escrita hai máis de 400 anos, pero que segue de plena actualidade. Volver sobre os pasos da historia para abordar a identidade de xénero, a violencia machista e a estrutura do sistema patriarcal é o obxectivo da nova adaptación do clásico de Shakespeare, dirixido por unha das creadoras máis

efervescentes da vangarda escénica, Marta Pazos. Unha nova visión, creada desde o universo feminino a través das personaxes de Desdémona e Emilia, que aposta pola comedia como ferramenta para combater a dor, o odio e a mentira.

A coidada posta en escena, o impacto visual e a mirada irreverente caracterizan o traballo de Voadora, que aposta pola investigación na creación contemporánea cun equipo conformado por artistas de diferentes disciplinas, creando montaxes únicas, presentes nos escenarios de toda España, con grande éxito.

Intérpretes: Joaquín Abella, Ángel Burgos, Ana Esmith, Chumo Mata, Hugo Torres e María Vázquez
Vestuario: Silvia Delagneau
Iluminación: Nuno Meira
Coreografía: María Cabeza de Vaca
Música orixinal: Hugo Torres
Producción: José Díaz
Versión: Fernando Epelde
Escenografía e dirección: Marta Pazos

V 29 OUT / 21.00 h

NUEVE DE NUEVE TEATRO (Aragón) Con lo bien que estábamos (Ferretería Esteban)

*"VIVIR OU NON VIVIR,
ESA É A CUESTIÓN"
(José Troncoso)*

Eles teñen unha ferraxería, quérense, son felices e non se fan moitas preguntas. Son, Esteban e Marigel, e punto. Pero un día, o teatro chega á vila e Esteban, fascinado pola experiencia, deixa de ser Esteban. Xa non pode volver a ser o mesmo. Algo mudou nel. A música posúeo, literalmente, convertendo a súa vida enteira nun grotesco musical, incomprensible aos ollos do pobo no que vive. E, ao cantar,...comeza a dicir a verdade.

Esta comedia musical, con pinceladas de humor, intriga e misterio propón un duelo, sen vencedores, entre o que queremos e o que debemos facer. Cada elección ten o seu prezo.

As tenras e esperpénticas personaxes creadas polo director e dramaturgo José Troncoso dan remate a esta edición do FIOT poñendo en valor o poder transformador do teatro e en cuestión, se é posible, un mundo sen arte, sen comedia, sen risa.

As nominacións como finalista nos Premios Max 2021 á Mellor Composición Musical (obra de Mariano Marín, un dos referentes da música do teatro en España), de Mellor Espectáculo Musical, e Mellor Labor de Producción avalan o interese deste espectáculo.




PREZO DA ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 75 MIN | PÚBLICO ADULTO

Intérpretes: Carmen Barrantes e Jorge Usón
Pianista: Néstor Ballesteros
Composición e dirección musical: Mariano Marín
Escenografía e vestuario: Juan Sebastián Domínguez
Iluminación: David Picazo
Dramaturxia e dirección: José Troncoso

XI CICLO otni

OBXECTO TEATRAL NON IDENTIFICADO



A butaca non é o único lugar que pode ocupar o público nun espectáculo teatral. Moitos creadores exploran papeis activos, ou mesmo protagonistas, para os espectadores, cambiando a relación entre os artistas e a audiencia, que pode experimentar en primeira persoa o que se lle quere contar.

Isto é o que comparten as obras coas que nos subiremos ao OTNI. Iniciaremos a viaxe cun baile para celebrar o reencontro, pasearemos por Carballo descubrindo historias agochadas en espellos, transportaranos ao futuro distópico percorrendo unha instalación ou, mesmo, entrará na nosa casa.

Coa XI edición do OTNI sondearemos tamén formatos e linguaxes da novas tecnoloxías e da cultura dixital, que, nestes tempos convulsos, puxeron en valor a capacidade das artes escénicas para superar dificultades coa creatividade e a innovación.

Introducirémonos nun proceso creativo, coñecendo de primeira man o traballo en proceso de Marta Valverde, que realizará unha mostra do traballo que iniciou nunha residencia artística celebrada no Pazo da Cultura este verán.

Estamos orgullosos de mergullarnos nestes mares cun formato propio, o FIOT Fónico, teatro sonoro a través do móbil para gozar de Carballo, que poñemos a disposición a través da App da Concellaría de Turismo Carballo a un paso. En colaboración con LIDIS, iniciamos esta travesía no 2020, e dámoslle continuidade cunha nova obra, *O espello que arde*.

• **SUBE AO OTNI!**
• **AO MÁIS EXCLUSIVO DO FIOT,**
• **AO MÁIS VIVO,**
• **AO ALTERNATIVO**
• **AO CREATIVO,**
• **AO HUMOR INTELIXENTE,**
• **Á INNOVACIÓN,**
• **AO MÁIS PERSOAL...**
• **AO EXCEPCIONAL!**
• **ATRÉVETE!**

S 25 SET / 23.00 h

FUNBOA ESCÉNICA (Galicia) Technocracia



"SE GALOPÁSEMOS TODOS XUNTOS, IRÍAMOS Á BATALLA SEN INIMIGO". Xavier Fernández (Irmán de Félix Fernández)

PREZO DA ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 60 MIN
A PARTIR DE 14 ANOS | MERCADO MUNICIPAL

A festa como lugar de comunión e bailar como acto de resistencia, de ruptura co cotián, de hedonismo físico e emocional. Un mecanismo de reprogramación mental, máis necesario ca nunca tras o confinamento vivido, e na que o público será parte esencial da peza. Queremos comezar esta edición do FIOT celebrando estar xuntos e, por fin, bailar.

A esencia das festas techno ou "raves" cobrará vida en Technocracia, un proxecto multidisciplinar que emprega a música electrónica, a voz, a luz e os corpos en movemento como metodoloxía de creación para desenvolver unha experiencia singular.

Autoría e interpretación: Cristina Balboa, Félix Fernández e Manuel Parra
Invitada especial e asistencia de movemento: Elvi Balboa
Deseño de iluminación: Octavio Mas
Música orixinal: Félix Fernández, Leo Pipo Rodríguez, Lefrenk e Roi Fanzine, Manuel Parra e Cristina Balboa
Deseño de dispositivo escénico: Mauro Trastoy
Asistencia de produción: Manu Lago
Dirección: Cristina Balboa

O artista plástico Mauro Trastoy realiza unha intervención creada para o Mercado que configura un dispositivo de baile seguro, e converterá ao público en facilitador do espectáculo. Unha experiencia liberadora coa que gozar da creación contemporánea. Un contrapunto ao dixital.

Partindo da autoficción, a compañía de artes vivas Funboa Escénica, busca a identificación co público, reflexionando sobre o xeral desde o cotián, e poñendo o noso corpo e a experiencia no centro da dúbida do que somos. Os seus procesos creativos integran metodoloxías interdisciplinares.

DO 01 AO 29 OUT

FIOT e LIDIS (Galicia) *O espello que arde*

PRODUCCIÓN
FIOT 2021

ESTREA
ABSOLUTA

DURACIÓN: 60 MIN | A PARTIR DE 13 ANOS | HORARIO DÍA 01OUT > 18.00 H E 20.00 H | DISPONIBLE NOUTRAS XORNADAS QUE SE FARÁN PÚBLICAS NA WEB E REDES SOCIAIS DO FIOT | ENTRADA: GRATUITA, PREVIA RESERVA EN: fiot.fiotfonico@gmail.com (VER PÁXINA 56) | LUGAR: PRAZA DO CONCELLO (INICIO DO PERCORRIDO)



A inspectora Taxes quere volver sobre os pasos de Leo (*A lúa, válvula de spray* na tempada 2020), de quen se sabe que foi unha das últimas persoas en ver con vida a Merche Valiño; estaban de festa xuntos antes de ela desaparecer entre as sombras para sempre. Non sabes exactamente que, pero hai algo que non encaixa.

Por veces percibimos detalles dos que non somos conscientes. Para iso volvemos unha e outra vez facer o mesmo camiño.

María Lado, narradora, escritora e poetisa escribe esta obra, dirixida por Marcos PTT e que ten como protagonista ao bergantiñán Santi Romay.

"PERO... É POSIBLE QUE TI TAMÉN ESTEAS VENDO ALGO QUE PERMANECÍA OCULTO? É TODO TAN SINXELO COMO SE PRESENTA?"

De novo, as rúas de Carballo converteranse no insólito escenario de FIOT Fónico. Os espectadores transitan polo espazo urbano nunha experiencia teatral en formato de podcast, unha publicación dixital en audio que podes escoitar desde o teu móbil a través da aplicación *Carballo a un paso*.

O FIOT dá continuidade ao proxecto iniciado o ano pasado, cunha nova produción propia realizada en colaboración con LIDIS, coa que pretendemos explorar a hibridación das artes escénicas coas ferramentas tecnolóxicas innovadoras, poñendo en valor o noso territorio, Carballo. A nosa contorna como desencadeante dunha ficción teatral.

- **Intérpretes:** Santi Romay, Mónica Caamaño, Rocío González
- **Espazo sonoro:** Marcos PTT Carballido
- **Gravación e mastering:** Iván Mera
- **APP:** Concello de Carballo - ITG
- **Formato e coordinación produción:** LIDIS
- **Produción:** Asociación Cultural Telón e Aparte
- **Asistente á dirección:** Quico Cadaval
- **Autora:** Marta Lado
- **Dirección:** Marcos PTT Carballido

Coa colaboración da Concellaría de Turismo do Concello de Carballo.

CARBALLO A UN PASO
COSTA DA MORTE

E, ADEMAIS...

PRODUCCIÓN
FIOT 2020

DO 24 SET AO 29 OUT

FIOT e LIDIS (Galicia) *A lúa, válvula de spray*

DURACIÓN: 60 MIN | A PARTIR DE 13 ANOS
LUGAR: FORUM CARBALLO (GRAFITE MILU CORRECH), RÚA LUÍS BRAILLE | ENTRADA: GRATUITA, PREVIA RESERVA EN: fiot.fiotfonico@gmail.com (VER PÁXINA 56)

Cando a lúa é unha válvula de spray, a noite pode debuxar as escenas máis inesperadas. As accións da madrugada sucédense entón na stop motion dos murais urbanos... e nada ten volta atrás. Nese carrusel vense envoltos Sara, María e Leo mentres celebran un rito durante o San Xoán.

Esta é a primeira produción do proxecto FIOT Fónico, estreada en outubro de 2020, que volvemos poñer a disposición dos espectadores para que sigan a gozar deste espectáculo itinerante no que oito murais de Carballo son os escenarios dun podcast que se escoita desde o móbil.

A dramaturxia ven da man da poetisa carballesa Rosalía Fernández Rial.

Intérpretes: Melania Cruz, Santi Romay, María Roja
Voces: Marcos PTT e Rosalía Fernández
Técnico de estudio e montaxe: Iván Mera
APP: Concello de Carballo - ITG
Formato e coordinación produción: LIDIS
Espazo sonoro: Marcos PTT Carballido
Autora: Rosalía Fernández Rial
Dirección: Quico Cadaval

Murais e autores: *Conxuro contra o amor*, Milu Correch; *Trasherpillar*, Bordalo II; *Vergoña*, Sekone; *Morriña*, Hyuro; *Sen título*, Satr; *Fronte ao océano*, Milo; *Tribu urbana*, Jorit; *O silencio no medio da tormenta*, Isaac Mahow

X 07 OUT / 21.00 h

MARTA VALVERDE (Galicia)
30' 70 60' 120

WORK IN PROGRESS



ACCESO GRATUÍTO, ATA COMPLETAR AFORO | RECOMÉNDASE RESERVA PREVIA EN FIOT@FIOT.GAL | DURACIÓN: 30'
A PARTIR DE 16 ANOS | SALÓN DE ACTOS DO PAZO DA CULTURA

Un espazo extraño ábrese no momento da espera. Ensaio poses diante do espello e elixo a mellor, a máis atractiva, para que el apareza e me atope desexable.

O OTNI introduciranos nun proceso creativo aínda aberto, que realizará unha presentación aberta ao público da obra de Marta Valverde, 30' 70 60' 120, na que reflexiona sobre a precariedade actual –no traballo en xeral e no traballo sexual en particular–, dende unha perspectiva documental que mestura o *live cinema* e a conferencia performativa.

Este proxecto iniciouse no mes de xullo no Pazo da Cultura e forma parte do programa Paraíso de residencias artísticas para a danza e as artes vivas impulsado polo colectivo RPM, co apoio da AGADIC da Xunta de Galicia e co que colabora o Concello de Carballo desde o seu inicio.

Marta Valverde é unha artista que desenvolve o seu traballo no audiovisual e na fotografía, desde a experimentación e a hibridación de formas, interesada na memoria e na intimidade.

• Dirección: Marta
• Valverde e Hella Spinelli
• Intérprete: Marta
• Valverde



**SUBE AO
OTNI!**

X 14 OUT / 21.00 h

ONÍRICA MECÁNICA (Murcia) *RonemRam.O*

ESTREA EN
GALICIA



PREZO DA ENTRADA: 3 € | DURACIÓN: 55 MIN
A PARTIR DE 14 ANOS | LUGAR: EMISIÓN EN LIÑA, A
TRAVÉS DA PLATAFORMA ZOOM, DESDE O PAZO DA
CULTURA

A demais da obra física, *RonemRam.O* é unha peza expandida no ámbito virtual. Unha emisión en directo, desde o Pazo da Cultura, en horario distinto ao das representacións, ofrece a oportunidade aos que non poidan acudir ao teatro de gozar doutra versión da obra desde os ordenadores ou dispositivos móbiles desde as súas casas a través da plataforma Zoom.

En consonancia co proxecto de investigación de Jesús Nieto, esta versión *on line*, un organismo escénico híbrido, xorde da exploración do proceso de adaptación de calquera ser vivo ás súas condicións medioambientais, como metáfora da transformación da creación escénica actual.

V 15 OUT / DE 17.00 A 22.00 h

ONÍRICA MECÁNICA (Murcia) *Ronem Ram*

Unha paisaxe en crise. Unha realidade desaparecida. Unha ollada sobre o futuro desde un presente cambiante, veloz e incerto que convida á reflexión sobre o cambio climático a partir do actual colapso medioambiental do Mar Menor, no campo de Cartaxena (Murcia).


RonemRam é un percorrido vivencial, unha experiencia individual na que cada espectador/visitante, seguindo o son duns auriculares, percorrerá diferentes pezas plásticas interactivas que conforman unha estraña viaxe a un ecosistema especulativo do futuro.

Unha experiencia sobre a natureza, os seres humanos e a natureza humana.

Este complexo dispositivo escénico, mestura ciencia e ficción especulativa, artes plásticas, arte sonoro e diversos recursos tecnolóxicos desde unha mirada narrativa e teatral. É a primeira parte do proxecto da Compañía Onírica Mecánica "Ensaíos dun presente", un conxunto de obras híbridas que nos confrontan a dous grandes problemas que a crise actual puxeron máis de manifesto, o futuro do medio ambiente e, en consecuencia, o dos seres humanos.



ESTREA EN
GALICIA



PREZO DA ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 55 MIN | A PARTIR DE 14 ANOS | AUDITORIO PAZO DA CULTURA

Baixo o nome de Onírica Mecánica, Jesús Nieto constrúe mundos poético-mecánicos-imaxinarios para todos os namorados do extraordinario. O seu traballo afonda na memoria recente e na nosa relación coa tecnoloxía. Ten recibido numerosos premios pola orixinalidade e innovación das súas creacións, presentes en festivais de máis de 25 países.

ESPECTÁCULO- INSTALACIÓN
4 VISITANTES CADA 20 MINUTOS

**FICCIÓN ESPECULATIVA
SOBRE UN PLANETA
DANADO: "XA PODES
CIRCULAR POR
ATMOSFERA 0"**

• Voces: Cristina Peregrina, Jesús Nieto,
• Estela Santos, Inés Gutiérrez
• Documentación e arquivo de imaxe:
• Salvi Vivancos
• Implementación tecnolóxica: Javier
• Gorostiza
• Vestiario: Gabi Besa
• Deseño de son e música: Pedro Guirao
• Deseño de iluminación, plástica,
• dramaturxia, creación e dirección: Jesús
• Nieto



V 01 OUT / 20.00 h

RÚA ALCALDE JACINTO AMIGO LERA
(en caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

A VELA CIRCO (Galicia)

A corda



**CIRCO DO ABSURDO, DO
CAOS E DA POESÍA PARA
OS NÓSOS TEMPOS**

DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS, + 3 ANOS

Como unha cometa sen fío, unha pallasa fala soa. Contéstase, vai e vén porque non atopa o seu lugar. Acompañada pola súa fiel bañeira, que a fai soñar e reafirmar que os tolos, non son tan tolos.

Ser protagonistas dos nosos propios soños fai que ás veces parezamos un pouco tolos e neste espectáculo de humor, circo e clown para toda a familia veremos a parte máis divertida de ir contracorrente.

Unha orixinal e divertida posta en escena, para un espectáculo íntimo a cargo da compañía de circo poético e metafórico galego-arxentina A Vela Circo, que nos presenta o seu primeiro espectáculo.

- **Deseño de son e música:** Santiago Montero
- **Deseño de iluminación, vestuario e coreografía:** Ana Cuervas
- **Escenografía:** AvelaCirco
- **Autoría e dirección:** Ana Cuervas e Santiago Moreno

V 08 OUT / 20.00 h

PRAZA DO CONCELLO

(en caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

LA GATA JAPONESA (Madrid)

Los viajes de Bowa



**"RAÍCES Y ALAS.
PERO QUE LAS ALAS ARRAIGUEN
Y LAS RAÍCES VUELEN"**
(Juan Ramón Jiménez)

DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS

Peregrina, orfa de raíces e de sonhos, un día encontrou unha botella á beira do mar. No seu interior, unha mensaxe e algo impulsou unha busca ata o seu destinatario. O camiño foi tan rico que se converteu case nunha obsesión.

E lerá unha nova mensaxe. Este escrito polo mar, ese vello sabio, testemuña das súas fazañas e consciente das súas ausencias. E será no mar onde as ás de Bowa atoparán terra para fondear as súas raíces.

Equilibrios, maxia, acrobacia aérea, teatro de obxectos, humor e poesía serán os compañeiros de Bowa nesta viaxe.

Despois de formar parte de grandes compañías de circo coas que traballou por todo o mundo, Elena Vives funda a súa propia no 2017. Este é o segundo traballo.

- **Autora e interprete:** Elena Vives
- **Espejo-Saavedra**
- **Escenografía e vestuario:** La Gatera
- **Deseño de iluminación:** Carlos Cremades
- **Música:** Proyecto Voltaire
- **Dirección:** Lucas Escobedo

V 15 OUT / 20.00 h

PRAZA DO CONCELLO

(en caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

SU.MA (Galicia)

Ikigai



DURACIÓN: 45 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS

Os conflitos, decisións e dificultades son parte da vida cotiá. Sempre depende do que nós facemos con eses conflitos e como os resolvemos para que cada momento se converta nunha agradable aventura. Que te impulsa a seguir e a erguerse cada día como se fose novo?

Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo son os ingredientes de Ikigai, un espectáculo de danza e circo 360º no que dous personaxes crearán mundos de fantasía grazas ao uso creativo dos

elementos e a destreza comunicativa co espectador.

Desde a compañía SU.MA, as artistas galegas Sue Moreno (trapecionista e actriz) e María Move (música e bailarina), chegan dispostas a sorprendernos co seu primeiro traballo, de fusión multidisciplinar, baixo a dirección de Gonçalo Guerreiro.

- **Intérpretes:** Sue Moreno e María Move
- **Vestuario e atrezzo:** SU.MA e Mark Torrecillas
- **Música orixinal:** María Move e Raúl Grillo
- **Creación, espazo sonoro e coreografía:** Cía. SU.MA
- **Dirección:** Gonçalo Guerreiro

> **S09** OUT | 19.00 h

Centro Social de Cances

BERROBAMBÁN (Galicia)

A carreta pantoasma



"VIVIMOS NO INMEDIATO
E ESQUECEMOS CON
MOITA FACILIDADE"

PREZO: 5 € | DURACIÓN: 70 MIN | PÚBLICO ADULTO

En Galicia, por moi duro que sexa o inverno, hai que deixar sempre unha ventá entreaberta, un oco por onde poidan fuxir as almas, prisioneiras ata a morte do corpo. Nos camiños cubertos de néboa, agardan os emisarios da morte para recollelas. Se non, fican connosco e por iso ás veces herdamos problemas que non nos pertencen.

En Suecia, se alguén ten a morte na media noite do derradeiro día do ano, toma o relevo do carreteiro da carreta pantoasma, e non hai oficio máis cruel.

Paula Carballeira interpreta esta obra que afonda nos límites entre a narración oral escénica e as técnicas teatrais, empregando proxeccións que nos

recordan aos cinemas ambulantes de inicios do século XX, para falarnos da morte, do medo e da memoria.

Baseándose nunha lenda popular sueca, que deu orixe a unha novela de Selma Lagerlöf, que o director Victor Sjöström levaría ás pantallas, Berrobambán pon en valor a nosa tradición oral reivindicando a relevancia do noso idioma e o seu lugar na historia da literatura.

- **Intérprete e dramaturxia:** Paula Carballeira
- **Vestuario:** Mercedes Torres
- **Audiovisuais e espazo escénico:** Miriam Rodríguez
- **Espazo sonoro:** Nacho Sanz
- **Deseño de iluminación e dirección:** Chiqui Pereira
- **Coa colaboración da** AC San Campio de Cances

> **M12** OUT | 19.00 h

Centro Social de Berdillo

CHÉVERE (Galicia)

As fillas bravas e o mito de Casandra



"PRA SOLUCIONAR
O QUE CAMBIOU O CLIMA
HAI QUE ACTUAR
E NON ESPERAR
PARA VOLVER AO REGHO
HAI QUE CAMBIAR"

PREZO: 5 € | DURACIÓN: 60 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Tres pandeireteiras do lugar de Momán, parroquia de Padrenda, Concello de Trabancas, cantan coplas e cantan historias escoitadas ou inventadas.

A estas mulleres, fortes e empoderadas, non lles falta retrans e mesturan a sabedoría das fontes da música tradicional galega e as do teatro clásico grego para artellar esta singular conversa cantada, coa que tratan de entender o cambio climático e ao que fan fronte aplicando os saberes e a experiencia dunha vida longa no rural.

Casandra ten o don de predicir o futuro e a maldición de que ninguén vai acreditar o que ela di.

A mesma situación na que se atopa a ciencia respecto da sociedade.

Unha versión divertida e directa do impacto que o cambio climático terá sobre as nosas vidas.

Con máis de 30 anos de traballo ao lombo, Chévere é un referente no teatro en Galicia e tamén en España. No 2014 recibiu o Premio Nacional de Teatro polo seu compromiso social e cultural e a súa traxectoria de creación colectiva e transgresión de xéneros.

- **Intérpretes:** Patricia de Lorenzo, Mónica García, Arantza Villar
- **Atrezzo e roupas:** Maribel Gómez
- **Asesoramento musical:** Inés Portela
- **Técnica:** Xacobe Martínez / Fidel Vázquez
- **Escrita:** Manuel Cortés
- **Dramaturxia e dirección:** Xron
- **Coa colaboración da** AC Arume de Berdillo

**noites de
RÚA CHEA**



R U A D O S

CONTOS

XXII EDICIÓN

CARBALLO 2021

A proposta máis atrevida, divertida e retranqueira do FIOT, regresa a Carballo co mesmo formato pero diferentes escenarios. Ao noso pesar, as circunstancias requiren que substituíamos os locais de hostalaría por novos espazos.

Contos, monólogos, música, humor e troula tomarán a rúa na primeira fin de semana, e, nas seguintes percorrermos o Pazo, o Casino, o Espazo Xove ou o Mercado, con 16 propostas dos mellores: os máis gamberros, os transgresores, os máis tradicionais, os emerxentes, ou as últimas novidades, con catro estreas absolutas.

Tras 22 anos, as nosas Noites de Rúa Chea son a gran proba da vitalidade da narración en Galicia.

**Se estás disposto a
escachar coa risa,
vémonos na Rúa dos
Contos... e da vida!
E se non queres
perder nada, este
ano podes mercar un
abono!**

> **V24 SET**

PÚBLICO
INFANTIL E
FAMILIAR



> 17.00 h

Biblioteca Rego da Balsa

ALBA GRANDE

Historias para derreter cera

Unha xograpesa chega co seu pandeiro coma unha ilusionista de verbas e cántigas, para contar historias de lumes pequenos e grandes, de fragas e paxaros, de serpes e mulleres nunha fermosa alegación sobre o coidado do medio ambiente, o respecto pola natureza e a convivencia.

A actriz e narradora ourensá Alba Grande visita a Rúa dos Contos co seu primeiro espectáculo de narración oral, que inclúe música, cancións e monicreques creados con obxectos. Unha fermosa proposta recomendable para todos os públicos, que agocha, en tres magníficos contos, unha mensaxe de responsabilidade social que cómpre ter en conta. Non volo perdades!

Público familiar. Entrada gratuíta, previa reserva na Biblioteca Rego da Balsa



> 21.00 h

R/ Alcalde Jacinto Amigo Lera

CAXOTO

Don Carnal (contos desvergoñados)

ESTREA
ABSOLUTA

Lonxe de lareiras e colos de avoa, ábrese paso Don Carnal cos seus *contos desvergoñados*, aqueles que quedan relegados ás últimas horas da noite e ás compañías menos recomendables, para contaxiarnos do espírito cabareteiro dos tolos anos 20 e librárnos, por uns intres, das ataduras e padecementos do noso día a día.

Desde a Trastenda dos Contos, xorde a versión máis irreverente para o público adulto de Caxoto (Felipe Díaz), mestre indiscutible da narración oral en Galicia grazas ao seu estilo sinxelo, directo e retranqueiro. Prepárate para unha viaxe da que non quererás regresar.

Público adulto. Prezo: 3 €

> **S25 SET**



> 20.00 h

R/ Alcalde Jacinto Amigo Lera

OSWALDO DIGÓN

Outra movida!

Oswaldo Digón é un galego con moito *prestige*, un semental que chora por todo e sofre nostalxia recordando os 80. É *Outra movida!*, ou iso reza o novo espectáculo que presentará en Carballo, unha recompilación de contos sobre a súa disparatada vida, baseado en feitos reais e aprobado pola comisión de táboas de mareas para piscinas e estanques.

Antes de asistir á función, convén saber que todos os personaxes que saen nas historias deste actor de teatro e monologuista retranqueiro teñen o nome cambiado para que os poidades identificar facilmente e, tranquilos/as, durante a súa creación ningún ser vivo sufriu ningún dano físico ou moral, incluído o propio autor. Así que, desfrutádeo!

> 23.00 h

R/ Alcalde Jacinto Amigo Lera

PEPO SUEVOS

Humor salvaxe

Como o fin xustifica os medios, e o fin é escachar coa risa, Pepo Suevos chega disposto a deixar as cousas ben clariñas, nesta sátira implacable e continua da que ninguén sairá ben parado agás o público, que non poderá deixar de rir con este monólogo no que se tocan temas de actualidade, pero tamén de toda a vida, nunha posta en escena cargada de enerxía.

Ademais de ser un dos cómicos máis transgresores e asilvestrados do país, capaz de alternar o humor máis intelixente coa burrada máis grande, Pepo é un "todoterreo" do espectáculo con máis de 1.500 actuacións e 20 anos de carreira. Coñecidas son tamén outras facetas súas como a de actor, guionista, *speaker* deportivo ou mestre de cerimoniais en vodas e banquetes varios.

Público adulto. Prezo: 3 €

Público: +12 anos. Prezo: 3 €

> S25 SET



> 21.30 h

R/ Alcalde Jacinto Amigo Lera

O'LEO ARREMECAGHONÁ

Sé (mente de vencer)

Cantante, actor, poeta, O' Leo Arremecaghoná é un activista cultural, un underground enxebre capaz de cantarlle á vida, á loita de clases, á poesía de hoxe e á de antes, ao idioma e á realidade do que fomos e do que somos cun talento único, persoal e auténtico.

Convertido nun bardo punk e contestatario, o de Matamá presenta *Sé (mente de vencer)*, unha intensa e emocionante viaxe que bebe do blues do Delta e da canción protesta, e que soa aos discos dos vellos *bluesmen* dos anos 20 e 30. Este proxecto, que xa estivo en Lisboa, en Barcelona, en Valencia e en Bruxelas é un auténtico pracer para os sentidos e un convite á reflexión.

Público adulto. Prezo: 3 €

> D26 SET



> 13.00 h

R/ Alcalde Jacinto Amigo Lera

THE TETAS' VAN

Muller libre

Chega a revolución musical en feminino!!! Tras unha década e máis de 200 concertos, o grupo de rock ourensán The Tetas' Van, formado na súa maioría por chicas presenta *Muller libre*, o seu último traballo no que reivindicán, en lingua galega, a presenza da muller sobre os escenarios loitando contra as inxustizas que nos tocan a todas.

Esta banda de artistas e malabaristas, que combinan coma ninguén a súa vida de profes, estudantes, nais, irmás, tías e amigas coa de músicas, son especialistas en realizar versións e poñer voz aos poemas, textos e melodías doutras mulleres para divertir ao público a través das notas.

Todos os públicos. Prezo: 3 €



PÚBLICO
INFANTIL E
FAMILIAR

> 18.00 h

R/ Alcalde Jacinto Amigo Lera

BRAIS DAS HORTAS

Zona en obras

Moito ollo! Este espectáculo está en obras. Si, está sen acabar. Pero non vos preocupedes. Temos un andamio, tubos de antenista, unha guitarra eléctrica cunha *loopstation*, unha batería cun capacho, un caldeiro, un charango, ferramentas...e o máis importante de todo: a axuda do inestimable público. Así que, malo será que entre todos non acabemos esta *Zona en obras* repleta de música e ritmo con historias de osos tristes, extraterrestres que viaxan en caldeiros de fregar e cans de palleiro que se converten en superstars.

Cunha posta en escena divertida e participativa, a nova tolería de Brais das Hortas combina á perfección música, narración, clown e monicreques para entreter e facer pensar e soñar a toda a familia. Seguro que somos quen de acabar o espectáculo con música e ritmo, non si?

Entrada gratuíta. Público infantil e familiar



> 20.00 h

R/ Alcalde Jacinto Amigo Lera

IZQUIERDO SISTERS

Galician Horror History

Este dúo cómico, formado por Marita Martínez e Lucía Veiga, presenta un espectáculo de improvisación teatral conducido por dúas inquietantes irmás decimonónicas e médiums de recoñecido prestixio que, coa axuda do público, contactarán con todo o que haxa que contactar para revelar os máis profundos misterios da Galicia máis segreda e lutuosa.

Crimes, asasinatos, espíritos, lendas urbanas, marcos movidos, calcetíns desparellados e demais feitos inexplicables por fin terán explicación...

Público: +12 anos. Prezo: 3 €

> V01 OUT



> 21.00 h

Espazo Xove Carballo

ÁNGELA TRIANA

Desta sairemos mellores

Desta sairemos mellores, ademais da “fraseciña” máis empregada no último ano, é o punto de partida do novo espectáculo da humorista coruñesa Ángela Triana. Un divertido monólogo no que analiza, en clave de humor, aspectos da vida cotiá baseados na súa propia experiencia: desde o seutraballo como enfermeira ata a maternidade das súas mellores amigas, pasando polos *youtubers* aos que non entende. E é que, como ela di, “mellores non sei, pero desta o que saímos é maiores”.

Ademais de monologuista e escritora, tamén é colaboradora e guionista en programas de radio e televisión.

Todos os públicos. Prezo: 3 €.

ESTREA
ABSOLUTA



> 23.00 h

Casino 1889

ARANTXA TREUS

Sexo débil, o carallo!

Non ten pelos na lingua. No resto do corpo si, moitísimos. E nesta edición da Rúa dos Contos vaino demostrar cun divertido monólogo no que amosará a súa faceta máis cómica narrando algunhas vivencias, anécdotas e miserias da súa propia vida e das alleas, deixando claro como ser muller e non morrer no intento. Só apto para homes e mulleres que desexen escachar coa risa!

As risas estarán aseguradas grazas ao peculiar humor desta versátil artista, coñecida pola súa participación en programas de TV, series como *Serramoura* ou *Fariña*.

Público adulto. Prezo: 3 €

> S02 / D03 OUT

> S 22.00 h / D 19.00 h

Salón de Actos Pazo da Cultura

TALÍA TEATRO (Galicia)

A parábola do angazo

noites de
RÚA CHEA



ESTREA
ABSOLUTA

COA
COLABORACIÓN
DO FIOT

“DE COMO A LINGUA
GALEGA RESISTIU
E RESISTE TODA
SITUACIÓN ADVERSA”

DURACIÓN 70 MIN | PÚBLICO + 12 ANOS | PREZO: 3 €

Un mozo dunha aldea galega emigra a Castela e aos poucos meses regresa á súa terra. Nese breve tempo ocorre algo asombroso: o rapaz esqueceu a fala dos seus, a lingua que falara toda a vida. Partindo da coñecida lenda, recollida polo Padre Sarmiento no século XVII, Talía Teatro leva a escena *A parábola do angazo*, unha comedia dirixida por Diego Rey e protagonizada por Artur Trillo e Toño Casais, na que os dous intérpretes farán unha viaxe pola historia da nosa lingua, a través dun diálogo fluído e cargado de humor, enlazando episodios do noso pasado para explicar o que sucede no noso presente.

Seguindo a liña iniciada en Bicos con lingua e Pelos na lingua, esta compañía distinguida en 2010 co Premio do Público do FIOT volverá a demostrarnos, con esta nova proposta áxil e versátil, que a nosa lingua resistiu e resiste toda situación adversa. Non vola perdades!

- Intérpretes: Artur Trillo e Toño Casais
- Música en directo: Rebeca Rama
- Deseño de Escenografía e iluminación: Dani Trillo
- Deseño e realización de vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro
- Fotografía e vídeo: Rubén Prieto
- Dirección: Diego Rey

> D03 OUT



> 20.00 h

Mercado Municipal

PAULA CARBALLEIRA *Camiños*

Hai camiños longos e hai atallos. O camiño máis curto acaba sen decatarse, e con el a viaxe. O camiño máis longo ten perigos, medos, lobos, espellos nos que te vas recoñecendo, refuxios, misterios, segredos.

A actriz, narradora e dramaturga Paula Carballeira ven disposta a amosarnos todos os camiños nesta sesión de contos na que ti decides con cal/es te quedas. Apúntaste?

Público adulto. Prezo: 3 €

> L11 OUT



> 21.00 h

Mercado Municipal

PALLASOS EN REBELDÍA

Foot

Foot é un monólogo poético, cómico e surrealista na voz dun futbolista palestino que nos conta o imposible camiño do seu equipo para clasificarse á Copa Mundial. Un camiño de controis militares, exilio, corrupción e morte.

A partir da historia conmovedora escrita polo dramaturgo palestino - americano Ismail Khalidi, este espectáculo pretende sensibilizar ao público sobre as terribles situacións que están a sufrir os pobos que padecen opresión. Ademais, na medida do posible, busca abrir procesos de esperanza e transformación desde o país cara eses territorios en conflito, a través de accións que entenden a arte como linguaxe universal, impulsando valores sociais e políticos a través do teatro e o circo.

Público: +12 anos. Prezo: 3 €



> **V08 OUT** | 22.30 h

Mercado Municipal andar 2º

TOURIÑÁN (Galicia)

Aquí tou

noites de
TROULA



"AQUÍ TOU,
PERO POR QUE?"



DURACIÓN 75 MIN | PÚBLICO: +12 ANOS | PREZO: 10 €

Que Xosé Touriñán é un dos mellores cómicos de Galicia e un dos rostros máis coñecidos do panorama actual, tras máis dunha década fronte ás cámaras, decenas de personaxes interpretados e varias incursións na pequena pantalla, sabémolo todos/as. Pero o realmente importante para el agora é saber de onde vén e así coñecerse mellor a si mesmo. As respostas non son sinxelas pero, se tiramos do fío, non tardamos en decatarnos de que somos froito de moitas variables xenéticas e ambientais que nos fan tomar decisións. Mais tamén estamos condicionados pola casualidade e o azar, que inflúe na nosa existencia tanto ou máis que a nosa propia vontade.

E nesas anda co seu novo espectáculo *Aquí Tou*, un percorrido polos momentos clave da súa vida nun intento por saber como chegou a ser o que é e como logrou estar onde está. Preguntas, como as que nos facemos o resto dos mortais algunha vez na vida, cuxas respostas non son nada sinxelas.

Un monólogo cómico e existencial no que irá mesturando realidade con ficción, tenrura e picardía, anécdotas propias e cultura popular galega nunha viaxe polos momentos, decisións e feitos casuais que o levaron a ser quen hoxe é. Tiramos do fío?

• Guión e dirección:
• Xosé A. Touriñán

> **M12 OUT** | 21.00 h

Mercado Municipal andar 2º

LUIS PIEDRAHITA (Madrid)

Es mi palabra contra la mía

noites de
TROULA



"HUMOR BRANCO
E XENUÍNO"



DURACIÓN 80 MIN | PÚBLICO: +12 ANOS | PREZO: 10 €

Humorista, ilusionista, presentador, escritor e director de cine. Todo isto e moito máis é Luis Piedrahita, un dos artistas máis polifacéticos e versátiles do panorama español, gañador do primeiro "Certame de monólogos de El Club de la Comedia", programa pioneiro do standup comedy en España, e guionista e colaborador habitual de radio e televisión

Tras o éxito de *Las amígdalas de mis amígdalas son mis amígdalas* e *El castellano es un idioma loable, lo hable quien lo hable*, o humor branco e xenuíno de Luis Piedrahita regresa ao escenario con *Es mi palabra contra la mía*, o seu último e máis divertido monólogo ata o de agora ou, polo menos, o que a el máis graza lle fai.

Un micro, a súa voz e un enxeño de vertixe é todo o que precisa este virtuoso da comedia e da palabra para analizar, con afán de porco trufeiro, a realidade cotiá sacando a relucir os aspectos máis divertidos e absurdos do día a día. Temas de gran calado existencial como o medo ao váter alleo, as cellas das señoras maiores ou as mudanzas nos rañaceos son algunhas das reflexións de voo galiñáceo sobre as que afondará para chegar á conclusión de que só o humor fai a vida soportable. Non o podes perder!

• Guión e dirección: Luis Piedrahita
• Colaboradores de guión: J.J. Vaquero e
• Rodrigo Sopeña

V certame de micro-escenas metro cadrado

Sen medo, sen barreiras, sen artificios, sen rede. Teatro mínimo, intenso, en primeiro plano, en cru. Teatro que nos asalta desde o cotián, desde a proximidade, desde espazos comunitarios,... nun metro cadrado.

Unha nova experiencia para o público que pode mirar aos ollos das actrices e actores, e case tocar, ulir e mesmo saborear, para continuar vivindo intensamente unha experiencia teatral diferente.

Para seguir experimentando este novo formato convocamos por quinto ano consecutivo o Certame de Micro-Escenas M2, apoiando a creación escénica de novos formatos e a compañías e artistas emerxentes, ofertando un espazo no que se admite, mesmo, o dereito ao erro. De novo, propoñemos a creación de espectáculos de entre 10 e 20 minutos para espazos non teatrais.

Entre as 36 propostas recibidas, un xurado de profesionais das artes escénicas seleccionou seis propostas que xogan coa performance, coa danza, coa música, coa poesía, co autoteatro,... estando moi presente, nalgúns casos, o uso das tecnoloxías.

O Horto Urbano, a ponte do San Martiño, a Biblioteca Rego da Balsa, cafetaría Xardín Municipal, o palco da música e un parque infantil serán os escenarios destas propostas, todas elas estreas absolutas.

A valoración do público será a que premie a mellor interpretación e o mellor espectáculo.

**ACCESO AOS ESPECTÁCULOS:
ENTRADA GRATUÍTA ATA
COMPLETAR CAPACIDADE**

**DADAS AS LIMITACIÓNS DE
ESPAZO, RECOMÉNDASE FACER
UNHA RESERVA NO ENDEREZO
ELECTRÓNICO :**

fiot.microteatroentrada@gmail.com

(indicando nome espectáculo, horario, nome e apelidos do espectador e teléfono de contacto).



m²



ARROUTADAS *DES-abonar*

ESTREA
ABSOLUTA

12.30, 13.30, 18.00 e 19.00
Horto Urbano (Rúa Nardos, s/n)


Sabedes que cada día morre unha aldea en Galicia? Cada vez, estamos máis lonxe da terra e máis cerca do espazo. Antes ensinábanche a cocer pan, por exemplo, agora apréndelo nun tutorial de Youtube.

En *DES-abonar* faremos esa viaxe inversa xuntas, mesturando a terra coas novas tecnoloxías, unindo. Indagaremos novas formas de ollar o noso mundo máis natural e antigo dende o máis artificial e novo. A terra como personaxe viva á que tentaremos comprender por medio dunha relación directa e bidireccional co público.

O horto urbano transformarase nun punto de encontro xeracional e disciplinar. Un lugar onde debateremos, veremos, escoitaremos, tocaremos.. pero sobre todo, sementaremos.

DURACIÓN: 15 MIN | AFORO: 10 PERSOAS
PÚBLICO: + 14 ANOS

Creación e interpretación:
Lydia Prada e Mario Rodríguez



DAVID RODAS GONZÁLEZ

ESTREA
ABSOLUTA

A/o pesar do tempo

12.30, 13.30, 18.00 e 19.00
Ponte do San Martiño

A ponte como rito de pasaxe. Sobre ela, un home observa como o fluír da vida bule baixo os seus pés. Aos lados, a terra firme que quixo e a que non quere. Baixo a auga, un peixiño nada a contracorrente.

Unha performance onde o corpo e a voz quedan pendurados dos pesos e levidades carrexados ó longo da vida. Un momento para pararse e sentir que o camiño non sempre é o que pensamos.

DURACIÓN: 20 MIN | AFORO: 20 PERSOAS
TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación:
David Rodas González



ANA ABAD DE LARRIVA

ESTREA
ABSOLUTA

Na sombra, unha árbore

12.30, 13.30, 18.00 e 19.00
Biblioteca Rego da Balsa

Na calixe da cidade había unha árbore, aparentemente calada, mais que borbóriñaba poemas e berraba en silencio a esencia da vida. Pendurei a miña sombra das súas pólas e bailaron xuntas. Bailamos xuntas.

É esta unha performance física de corpo poético que convida a reorientar a ollada, atopar cambios nas topografías automatizadas do cotián e revalorizar a presenza da natureza no espazo urbano.

DURACIÓN: 15 MIN | AFORO: 15 PERSOAS
PÚBLICO ADULTO

Creación e interpretación: Ana Abad de Larriva
Asistencia técnica: Juan Abad de Larriva

A peza inclúe un espazo sonoro complementario, e para escoitalo, é preciso dispoñer dun dispositivo electrónico con conexión a Internet e auriculares.



NÚÑEZ & IS SL

ESTREA
ABSOLUTA

Os crocodilos son bichos extremadamente vaidosos

12.30, 13.30, 18.00 e 19.00
Cafetaría Xardín Municipal

"Enténdedelo agora? Efectivamente, amigas e amigos, falo diso ao que vós chamades tempo. Quizais é o único que fixen desde que entrastes por esa porta. Non o vemos, pero está aquí, entre nós. Silencioso e invisible. Devorando. Aniquilando. Destruíndo. Consumindo. Borrando (...)"

Esta auto-ficción teatral, primeiro traballo de Núñez & Is Socios Limitados, é unha ollada aceda arredor da tanatofobia, o paso do tempo e a eterna xuventude, simbolizada no mito de Peter Pan, para explorar camiños escénicos nos que a comedia e a creación en colaboración son os eixes creativos e expresivos da compañía.

DURACIÓN: 20 MIN | AFORO: 10 PERSOAS
PÚBLICO: + 16 ANOS

Interpretación: Jimmy Núñez
Dramaturxia: Ernesto Is
Creación: Jimmy Núñez e Ernesto Is



SARA GUERRERO

A miña casa é un palco de música

ESTREA
ABSOLUTA

12.30, 13.30, 18.00 e 19.00

Palco de música (Parque do Anllóns)

Canto inflúen en nós os espazos? Que tanto nos definen?

Para Sara, o Palco de Música de Carballo é imprescindible na súa vida. Por iso, aproveitará para contarlle ao público unha serie de relatos familiares que sucederon nese mesmo quiosco e, así, reconstruír a súa propia historia. Mais quizais ela non é quen di ser. Ou?

**DURACIÓN: 16 MIN | AFORO: 10 PERSOAS
TODOS OS PÚBLICOS**

Creación e interpretación:
Sara Guerrero



ANTÓN COUCHEIRO

OldPlay

ESTREA
ABSOLUTA

12.30, 13.30, 18.00 e 19.00

Parque infantil (Parque do Anllóns)

Por que cando somos adultos deixamos de xogar? Por que xa non nos invade a curiosidade, as ganas de explorar, de vivir aventuras?

OldPlay é o patio do recreo no que os adultos volven a ser cativos, un xogo, unha experiencia gamificada, unha performance colectiva construída polas propias persoas participantes.

Unha peza de autoteatro, un dispositivo escénico deseñado para que sexan os espectadores os que actúen. As persoas participantes recibirán unha serie de instrucións precisas a través dos seus dispositivos. O xogo comeza, terán que tomar decisións, realizar certas accións, interactuar entre eles e vivir a experiencia.

**DURACIÓN: 15 MIN | AFORO: 15 PERSOAS
PÚBLICO ADULTO**

Creación: Antón Coucheiro
Colaboran: Marcos "Ptt" Carballido,
Gala Martínez-Romero e Xabier Mera

É preciso dispoñer dun dispositivo electrónico con conexión a Internet e auriculares.

EP
EN PARALELO

EN PARALELO



PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DO FIOT 2021

Coa participación da Aula de Teatro Municipal do Concello de Carballo

Por fin, compartiremos cos espectadores, cos socios da AC Telón e Aparte, co voluntariado do festival e coas institucións e entidades que nos apoian o programa que preparamos para esta celebración, a 30 edición. A Aula de Teatro Municipal de Carballo, dirixida por Artur Trillo, agasallará ao FIOT neste aniversario cunha creación propia na que os protagonistas son os espectadores do festival, *Sempre hai unha primeira vez para todo*.

Data: Martes 7 de setembro

Hora: 20.00 h

Lugar: Pazo da Cultura

Recoméndase confirmar asistencia



XORNADAS PROFESIONAIS ESCENA GALEGA 2021: RETOS DO SECTOR ESCÉNICO PROFESIONAL GALEGO FRONTE A POST-PANDEMIA

A Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas recupera no FIOT as súas xornadas profesionais anuais. O festival acolle este espazo de diálogo e traballo da principal estrutura creativa e de produción das artes escénicas de Galicia, na que participarán axentes escénicos de referencia de todos os eidos do sector.

Trátase dunha xornada de reflexión e traballo sobre os retos aos que se enfronta o noso sector escénico profesional na post-pandemia, no ano de transición 2021 e seguintes.

Data: Xoves 14 de outubro

Hora: De 10.00 a 18.00 h

Lugar: Pazo da Cultura



EN PARALELO



ENCANTO DO FIOT CO ALUMNADO E PROFESORADO DO CURSO UNIVERSITARIO DE EXPERTO DE XESTIÓN CULTURAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Encontro co alumnado e profesorado do Curso Universitario de *Experto de Xestión Cultural* da Universidade de Santiago de Compostela, no que se presentará o proxecto do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo: unha retrospectiva das 30 edicións do FIOT coa mirada posta no futuro do festival do Outono de Galicia.

Data: Sábado, 9 de outubro

Hora: Pola mañá

Lugar: Pazo da Cultura

Colabora: Universidade de Santiago de Compostela



PRESENTACIÓN DO LIBRO *FILLOS DO SOL* de Cándido Pazó. (Editorial Galaxia)

O FIOT conmemorou o 100 aniversario do falecemento dun bergantiñán referente para as nosas letras, Eduardo Pondal, coa coprodución dun espectáculo teatral en colaboración coa compañía Contraproducións, para o que encargou a Cándido Pazó, un dos nosos mellores dramaturgos e Xograr do Outono do FIOT, a escrita do texto. O espectáculo estreouse no festival o 27 de outubro de 2017 e percorreu toda Galicia con numerosas funcións.

Fillos do Sol é unha elucubración escénica nun acto e un epílogo, a cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: *Os Eoas*.

É un pracer acoller agora a presentación da publicación desta obra dramática editada por Galaxia.

Data: Mércores 27 de outubro. **Hora:** 19.00 h

Lugar: Pazo da Cultura.

Recoméndase confirmación de asistencia no correo fiot@fiot.gal

EN PARALELO

CREANDO TEATRO

Coa vontade de ir un paso máis alá da difusión e dinamización teatral, o FIOT manifesta a súa inqueda pola creación escénica colaborando con compañías na xeración de propostas, implicándose na súa produción ou residencia ou ofrecendo o seu marco para a presentación e estrea de espectáculos.

Este ano, centramos a nosa implicación na creación do segundo espectáculo do proxecto de teatro sonoro denominado *FIOT Fónico*, co que pretendemos explorar a hibridación das artes escénicas coas ferramentas tecnolóxicas innovadoras, poñendo en valor o noso municipio, que se converte en insólito escenario. En colaboración con LIDIS, producimos a obra *O espello que arde*, escrita por Marta Lado, dirixida por Marcos PTT e que conta como protagonista co intérprete bergantiñán Santi Romay.

Así mesmo, colaboramos na creación dos novos proxectos de Contraproducións, Talía Teatro e Marta Valverde acolléndoo nunha residencia artística e técnica no Pazo da Cultura. O *Certame de Micro-Escenas M²* convocado pola AC Telón e Aparte é un dos piares do apoio á creación, xa que con el pretendemos detectar e visibilizar a creadores emerxentes que investigan novos formatos e espazos de teatro.

Agardamos que estas colaboracións sexan experiencias tan positivas como as de edicións anteriores e continúen a traernos moitas satisfaccións a todas as partes.



ESCOLA DO ESPECTADOR

Outro xeito de achegarse ao feito teatral para os espectadores aos que non lles basta quedarse na súa butaca. Esta iniciativa está dirixida aos amantes do teatro que queiran ampliar a súa mirada. Aprender a mirar, aprender a ver. Pretendemos facilitar as claves que faciliten a comprensión e a análise dos espectáculos, reparando nos distintos discursos que ten unha función de teatro: o textual, o xestual, o estético, a dirección, a interpretación.

Guiados por un experto en artes escénicas e a través dunha plataforma telemática achegarémonos ás propostas do festival.

Lugar e datas de celebración: faranse públicas a través da páxina web do festival.

Organiza: AC Telón e Aparte



CAFÉ CON...

Encontros entre espectadores e grupos teatrais que pretenden aproximarnos ao proceso creativo, á linguaxe e aos códigos de interpretación dun espectáculo, amosando de primeira man o proxecto artístico da compañía e da obra, resolvendo dúbidas e curiosidades ou intercambiando opinións. Ben de maneira presencial ou virtual, crearemos un agradable espazo de comunicación arredor dun café.

Celebrarase os días de función do Programa de Sala, se as circunstancias das compañías e da montaxe dos espectáculo o permiten.

Lugar e datas de celebración e hora: faranse públicas a través da páxina web do festival.

Organiza: AC Telón e Aparte

Lugar: Pazo da Cultura



Aberto a todos os espectadores (ata completar o aforo dispoñible)



XX CONCURSO ESCOLAR DE TEATRO LIDO "XOSÉ MANUEL EIRÍS"

As voces de nenos e mozos levarán o teatro aos fogares de todos os recunchos de Bergantiños a través das redes sociais.

Co apoio dos centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca e coa finalidade de promover o teatro entre os rapaces e de favorecer a súa iniciación á interpretación a través da lectura dramatizada recuperamos esta proposta que xa vai pola XX edición, adaptándoa aos novos tempos introducindo a grabación a través do móbil, polo que se poderá visualizar a participación de todos os grupos participantes a través das redes sociais do Festival.

Os gañadores gozarán da experiencia radiofónica nos estudos profesionais de Radio Voz Bergantiños, e ademais repartiranse premios por un importe de 500 €.

Organiza: AC Telón e Aparte. **Colabora:** Radio Voz Bergantiños e Librería Brañas Verdes. **Prazo de inscrición:** ata o 14 de outubro. **Acto de entrega de premios:** Pazo da Cultura, domingo 14 de novembro. Actuará como mestre de cerimonia Fran Rei.



FIOT ESPECIAL PARA ADOLESCENTES

O FIOOT ten un compromiso especial coa mocidade. Botámola en falta e queremos transmitirle a paixón polo teatro. O FioTEEN é a canle para saír na súa procura.

Cun formato máis reducido que noutras ocasións, adaptado ás actuais condicións, ofrecemos propostas específicas para adolescentes e mozos coas que iremos aos institutos, presentámoslle primicias, traerémoslos ao auditorio con funcións só para eles ou atraerémoslos á programación ordinaria do festival.



GALEATRO TEATRO Accións teatrais nos institutos

Coa alianza dos institutos, manterémosvos informados de todo o que pasa no FIOOT a través da compañía carballesa Galeatro, que visitará periodicamente os centros de ensino con pímulas informativas presentando os espectáculos.

Intérpretes: Alba Bermúdez e Tone Martínez
Lugar: Centros de Educación Secundaria de Carballo
Dirixido a: alumnado




TALÍA TEATRO A parábola do angazo

Os rapaces e rapazas de secundaria terán a primicia de coñecer este espectáculo no Pazo da Cultura ou no seu propio centro educativo. Poderán gozar co mesmo no ensaio xeral que terá lugar antes da súa estrea, e en funcións posteriores.

* Máis información sobre este espectáculo na páxina 33 deste programa

EN PARALELO



EXPOSICIÓN 30 Fitos do FIOT

Un percorrido informativo e emotivo pola traxectoria do FIOT conmemora este 30 aniversario, a través de 30 momentos ou feitos significativos cos que pretendemos ilustrar este longo percorrido.

O deseño e construción da mostra é obra de Beatriz Cortizas, licenciada en Belas Artes na especialidade de Deseño e Audiovisuais, e profesora de debuxo e artes plásticas, ademais de voluntaria do FIOT.

A mostra complementábase cun proxecto en liña aberto a espectadores e espectadoras, artistas ou colaboradoras do festival na que relatarán algún deses momentos inesquecibles do festival

Datos: Do 4 de outubro ao 29 de outubro

Lugar: Pazo da Cultura

Organiza: AC Telón e Aparte



ZOOM FIOT

> ZOOM FIOT 2021

Seguimento fotográfico do FIOT 2021 realizado por varios fotógrafos convidados que achegarán o obxectivo fotográfico ao Festival tratando de captar a actividade que permanece oculta ao público.

> EXPOSICIÓN ZOOM FIOT 2019

Mostra das imaxes que se realizaron durante o FIOT 2019 dentro do proxecto fotográfico Zoom FIOT, no que 10 fotógrafos tomaron imaxes do festival, das que se seleccionaron varias obras.

Os fotógrafos participantes foron: Carlota A. Varela, Daniel Garrido, Esther Chamoso, Inés Varela, Jéssica Mato, Oti Fernández, Markus de Castriz, Mel Regueira, Noelia Antelo e Zaira Pallas.

Data: Do 2 de outubro ao 29 de outubro

Lugar: Andar 0 do Pazo da Cultura

**ZOOM
FIOT**

EN PARALELO



PREMIO DO PÚBLICO OUTONO DE TEATRO 2021

Participa na programación de vindeiras edicións do FIOT expresando a túa opinión sobre os espectáculos. Puntúa cada espectáculo e convidaremos a formar parte dunha futura edición cun novo espectáculo á compañía que reciba a mellor puntuación dos espectadores.

Na pasada edición o gañador foi o espectáculo *Jauría* producido por El Pavón Teatro Kamikaze, cunha puntuación de 4,68 puntos sobre 5.



VOLUNTARIADO FIOT

O FIOT conta desde hai unha ducia de anos cun programa de voluntariado que implica a numerosos afeccionados ao teatro no desenvolvemento do festival.

Se ti tamén queres formar parte desta gran familia, lembra que aínda estás a tempo de unirse ao noso fantástico equipo para lograr que o Festival sexa mellor cada edición.

Para coñecer por dentro un dos festivais de referencia en Galicia e compartir o teu gusto polo teatro con nós, entra en fiot.gal ou chama ao 981 704 300.

Moitas grazas a todos pola vosa imprescindible implicación.

Conéctate!



#procuramosousados

XOGRARES DE OUTONO 2021



CASILDA ALFARO

Incorporamos á comunidade de honra do FIOT, coa que salientamos a traxectoria de profesionais das artes escénicas, a Casilda Alfaro.

Os Xogrades e Xogresses de Outono quixeron recoñecer a súa calidade como intérprete, así como o compromiso con outros ámbitos da escena, como o empresarial ou a súa implicación en diferentes proxectos relevantes para o teatro galego das últimas décadas, como na Mostra I. de Teatro Cómico e Festivo de Cangas ou na Revista Galega de Teatro.

Casilda Alfaro inicia a súa traxectoria teatral en Cangas, a finais dos 70. Uns anos despois, participa na creación da compañía Teatro de Ningures, na que permanece na actualidade, promovendo tamén a creación de Producións Teatrais do Sur.

Ao longo da súa traxectoria participa en case 40 espectáculos, da súa compañía e doutras como Teatro do Morcego, Balea Branca, Centro Dramático Galego, Teatro do Atlántico ou Contraproducións, sendo merecedora de premios como o María



OS XOGRARES E XOGRARESAS DE OUTONO QUIXERON RECOÑECER A SÚA CALIDADE COMO INTÉRPRETE, ASÍ COMO O COMPROMISO CON OUTROS ÁMBITOS DA ESCENA, COMO O EMPRESARIAL OU A SÚA IMPLICACIÓN EN DIFERENTES PROXECTOS RELEVANTES PARA O TEATRO GALEGO DAS ÚLTIMAS DÉCADAS

Casares á mellor actriz por *A noite das tribades*.

O vínculo coa escena local dá pé a ser fundadora da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Nestes últimos anos, a Xogressa de Outono 2021 compaxina o seu traballo como actriz de cine, teatro e televisión coa dirección (*Defensa da vila. María Soliña*), o profesorado (Aula de Teatro da Universidade de Vigo) e a vicepresidencia do Consello Editorial da Revista Galega de Teatro (Erregueté).

GALARDÓNS ANTERIORES

Este nomeamento honorífico do Festival Internacional Outono de Teatro recoñece unha persoa ou entidade que destaque pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección da galardoada correspóndelle aos anteriores Xogrades de Outono e á AC Telón e Aparte. En anteriores edicións, foron xa merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago "Kukas", Alberto Gende, Xosé Manuel Oliveira "Pico", Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán", Susana Dans, Miguel de Lira, Mónica Camaño, Manuel Lourenzo, Patricia de Lorenzo e Carlos Alonso.



A CULTURA É SEGURA. SABÉMOLO E QUEREMOS QUE ASÍ SEXA SEMPRE. POR ISO POÑEMOS EN MARCHA UN PROTOCOLO PARA GARANTIR QUE GOCES TANTO DO TEATRO COMA NÓS.



O uso de máscara e a desinfección de mans será obrigatorio.



A apertura de portas será 30 minutos antes de cada función e tanto o acceso como a saída ao recinto realizarase de xeito gradual, mantendo a distancia de seguridade. Procura chegar con tempo e lembra seguir en todo momento as indicacións do persoal de sala: están para acompañarnos e facilitar o noso tránsito!



Completamos a limpeza do auditorio e das salas antes de cada espectáculo. As medidas hixiénicas están contempladas tamén no sistema de ventilación, optimizado para esta nova situación.



A ocupación máxima de aforo no auditorio será do 75%. O número de entradas dispoñibles está suxeito ás medidas de prevención sanitarias.

A acomodación do público será en butacas ou cadeiras, a excepción das obras do M2, , con entrada limitada ás butacas dispoñibles,



Nas funcións do auditorio, poñeranse á venda entradas individuais ou dobres destinadas a persoas conviventes.

Nos recintos nos que as butacas non están numeradas, os asentos están distribuídos individualmente e a asignación dos mesmos realizarase por orde de entrada ao espazo.



Nos espectáculos de acceso gratuito que non requiran inscrición previa, o acceso será por orde de chegada ata completar aforo.

Os menores de 12 anos deberán estar acompañados por un adulto.



Deberás usar o asento asignado e evitarás moverte dentro do recinto.

Co fin de posibilitar o seguimento de posibles contactos, os asistentes deberán comunicar os seus datos (nome, apelidos, teléfono e correo electrónico) que, en caso preciso, facilitarase ás autoridades sanitarias.



Non se permite o consumo de alimentos, bebidas ou tabaco en ningún recinto.

No caso de que pola situación sanitaria se reduciran os aforos e nos viramos na obriga de devolver entradas, a devolución realizarase en orde inversa á compra.

VENDA DE ENTRADAS

> PREZOS (gastos de xestión non incluídos)

PROGRAMA DE SALA

> BONOS: 75 €

Poñeranse á venda un total de 100 bonos para asistir ás funcións dos días 2, 9, 10, 16, 22, 23 e 29 de outubro.

> ENTRADAS: 10 € / 15 €

10 €: Manolo Alcántara (2 out), Contraproducións (9 out), Serena P. (22 out), Voadora (23 out), Nueve de nueve Teatro (29 out).

15 €: Yllana (10 out), Ron Lalá e CNTC (16 out).

Poñeranse á venda butacas individuais (zona A, impares) e butacas pareadas para o uso por 2 espectadores (zona B, pares).

CICLO OTNI

> ENTRADAS: 3 € / 5 €

3 €: Onírica mecánica (función en liña, 14 out).

5 €: Funboa Escénica (25 set), Onírica Mecánica (15 out).

> RESERVAS FIOT FÓNICO

O espello que arde (1-29 out).

A lúa, válvula de spray (24 set-29 out).

- Inicio da reserva: 24 set.

- Acceso gratuito ata completar a capacidade dos grupos, previa reserva en fiot.fiotfonico@gmail.com con antelación mínima de 2 días.

- Indicar nome, teléfono desde o que se fará a conexión, obra, día e sesión.

- A reserva será válida cando a organización envíe as condicións de acceso ao espectáculo.

CERTAME DE MICRO-ESCENAS M²

> ENTRADAS GRATUÍTAS

Reserva no correo

fiot.microteatroentrada@gmail.com.

Inicio da reserva martes 28 de setembro.

Sesións: ver programa detallado nas páxinas 38-42.

RÚA DOS CONTOS

> BONO: 20 €

Poñeranse á venda un total de 30 bonos para asistir ás funcións:

- 24 de set: Caxoto, Pepo Suevos.

- 25 de set: Oswaldo Digón, O'Leo Arremecaghona.

- 26 de out: The Tetras Van, Izquierdo Sisters.

- 1 de out: Ángela Triana, Arantxa Treus.

- 2 de out: Talía Teatro.

- 3 de out: Paula Carballeira.

- 11 de out: Fran Rei.

> ENTRADAS: 3 € / 10 €

10 €: Xosé A. Touriñán (8 out), Luis

Piedrahita (12 out).

3 €: Resto das funcións.

FIOT EN RUTA

> ENTRADAS: 5 €

Berrobambán (9 out) e Chévere (12 out).



> PUNTOS E DATAS DE VENDA

> VENDA ANTICIPADA

En: www.ataquilla.com

Máis información na páxina web e RRSS do festival.

> VENDA O DÍA DA FUNCIÓN

Na billeteira habilitada no espazo da función **desde 90 minutos antes do seu inicio** (gastos de xestión incluídos).



- É obrigatorio o uso de máscara e a desinfección de mans.

- Pégase puntualidade. A partir do inicio da función, a entrada non garantirá o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade.

- A apertura de portas será 30 minutos antes do inicio da función e o acceso e a saída realizarase de xeito escalonado mantendo a distancia de seguridade.

- Se por razóns de produción, tiveran que ser ocupadas algunhas localidades, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado.

- As entradas non poderán ser cambiadas nin reembolsadas, a excepción da cancelación do espectáculo.

- No caso de que pola situación sanitaria se reduciran os aforos e nos víramos na obriga de devolver entradas, a devolución realizarase en orde inversa á compra.

- A organización resérvase o dereito a modificar a ubicación das butacas se se producisen cambios na normativa existente e fora preciso redistribuír os espazos. A distribución de butacas estará suxeita aos posibles cambios autorizados polas autoridades sanitarias.

- Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e de non perturbar o bo desenvolvemento da función, non se permite fotografar, filmar ou gravar no interior da sala, sen a autorización expresa da organización e do artista.

- Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles.

- A adquisición desta entrada significa a aceptación do Protocolo Covid así como as instrucións da organización ou persoal de sala e acomodación durante a celebración do evento.

RRSS

REDES SOCIAIS

@festivalFiot

@FiotCarballo

@fiotcarballo

FIOT Carballo

fiot@fiot.gal

www.fiot.gal

Festival membro de:



Sede do Festival

Rúa do Pan, s/n | Carballo | T 981 70 43 00

Coordenadas GPS
Latitude 43.211702
Lonxitude -8.695394



AGRADECIMENTOS: Brigada Municipal de Obras, Policía Local, Servizo Municipal e Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil, Voluntariado do FIOT, Participantes na campaña de imaxe do FIOT e Centros educativos de Carballo e da comarca de Bergantiños.

CALENDARIO de funcións

DO 24 SET AO 29 OUT

FIOT FÓNICO

FIOT e LIDIS

A Lúa, válvula de spray
Fórum Carballo
(Consultar páxina 15)

VENRES 24 SET

RÚA DOS CONTOS

ALBA GRANDE

Historias para derreter cera
Biblioteca Rego da Balsa
17.00 h | Entrada gratuita

RÚA DOS CONTOS

CAXOTO

Don Carnal (contos desvergoñados)
R/ Alcalde Jacinto Amigo L.
21.00 h | 3 €

RÚA DOS CONTOS

PEPO SUEVOS

Humor salvaxe
R/Jacinto Amigo
23.00 h | 3 €

SÁBADO 25 SET

RÚA DOS CONTOS

OSWALDO DIGÓN

Outra movida!
R/ Alcalde Jacinto Amigo L.
20.00 h | 3 €

RÚA DOS CONTOS

O'LEO ARREMECAGHONÁ

Sé (mente de vencer)
R/ Alcalde Jacinto Amigo L.
21.30 h | 3 €

OTNI

FUNBOA ESCÉNICA

Technocracia
Mercado Municipal
23.00 h | 5 €

DOMINGO 26 SET

RÚA DOS CONTOS

THE TETAS' VAN

Muller libre
R/ Alcalde Jacinto Amigo L.
13.00 h | 3 €

RÚA DOS CONTOS

BRAI DAS HORTAS

Zona en obras
R/ Alcalde Jacinto Amigo L.
18.00 h | Entrada gratuita

RÚA DOS CONTOS

IZQUIERDO SISTERS

Galician Horror History
R/ Alcalde Jacinto Amigo L.
20.00 h | 3 €

DO 01 AO 29 OUT

FIOT FÓNICO

FIOT e LIDIS

O espello que arde
Praza do Concello
(Consultar páxina 14)

VENRES 01 OUT

TEATRO DE RÚA

A VELA CIRCO

R/ Alcalde Jacinto Amigo L.
20.00 h | Entrada gratuita

RÚA DOS CONTOS

ÁNGELA TRIANA

Desta sairemos mellores
Espazo Xove Carballo
21.00 h | 3 €

RÚA DOS CONTOS

ARANTXA TREUS

Sexo débil, o carallo!
Casino 1889
23.00 h | 3 €

SÁBADO 02 OUT

PROGRAMA DE SALA

CÍA. MANOLO ALCÁNTARA

Déjà vu
Pazo da Cultura
20.30 h | 10 €

RÚA DOS CONTOS

TALÍA TEATRO

A parábola do angazo
Pazo da Cultura
22.00 h | 3 €

DOMINGO 03 OUT

RÚA DOS CONTOS

TALÍA TEATRO

A parábola do angazo
Pazo da Cultura
19.00 h | 3 €

RÚA DOS CONTOS

PAULA CARBALLEIRA

Camiños
Mercado Municipal
20.00 h | 3 €

XOVES 07 OUT

OTNI

MARTA VALVERDE

30' 70 60' 120
Pazo da Cultura
21.00 h | Entrada gratuita ata completar aforo

VENRES 08 OUT

TEATRO DE RÚA

LA GATA JAPONESA

Praza do Concello
20.00 h | Entrada gratuita

RÚA DOS CONTOS-NOITES DE TROULA

XOSÉ A. TOURIÑÁN

Aquí tou
Mercado Municipal
22.30 h | 10 €

SÁBADO 09 OUT

M2

ARROUTADAS

DES-abonar
Horto Urbano
Entrada gratuita. Acceso limitado

M2

DAVID RODAS GONZÁLEZ

A/O pesar do tempo
Ponte do San Martiño
Entrada gratuita. Acceso limitado

FIOT EN RUTA

BERROBAMBÁN

A carreta pantasma
Centro Social de Cances
19.00 h | 5 €

PROGRAMA DE SALA

CONTRAPRODUCTIONS,

HISTRION TEATRO, TEATRE

ROMEA, ENCARO FACTORY

Cigarreiras
Pazo da Cultura
20.30 h | 10 €

DOMINGO 10 OUT

PROGRAMA DE SALA

YLLANA

Greenpiss
Pazo da Cultura
20.30 h | 15 €

LUNS 11 OUT

RÚA DOS CONTOS

PALLASOS EN REBELDÍA

Foot
Mercado Municipal
21.00 h | 3 €

MARTES 12 OUT

FIOT EN RUTA

GRUPO CHÉVERE

Fillas bravas e o mito de Casandra
Centro Social de Berdillo
19.00 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS-NOITES DE TROULA

LUIS PIEDRAHITA

Es mi palabra contra la mía
Mercado Municipal
21.00 h | 10 €

XOVES 14 OUT

OTNI

ONÍRICA MECÁNICA

Ronem Ram.0
Pazo da Cultura (función en liña)
21.00 h | 3 €

VENRES 15 OUT

OTNI

ONÍRICA MECÁNICA

Ronem Ram
Pazo da Cultura
17.00 h a 22.00 h | 5 €

TEATRO DE RÚA

SU.MA

Praza do Concello
20.00 h | Entrada gratuita

SÁBADO 16 OUT

M2

ANA ABAD DE LARRIVA

Na sombra, unha árbore
Biblioteca Rego da Balsa
Entrada gratuita. Acceso limitado

M2

NÚÑEZ&IS SL

Os crocodilos son bichos extremadamente vaidosos
Cafetería Xardín Municipal
Entrada gratuita. Acceso limitado

PROGRAMA DE SALA

RON LALÁ E CNTC

Andanzas y entremeses de Juan Rana
Pazo da Cultura
20.30 h | 15 €

VENRES 22 OUT

PROGRAMA DE SALA

SERENA PRODUCCIONES

Solo un metro de distancia
Pazo da Cultura
21.00 h | 10 €

SÁBADO 23 OUT

M2

SARA GUERRERO

A miña casa é un palco de música
Palco de música (Parque do Anllóns)
Entrada gratuita. Acceso limitado

M2

ANTÓN COUCHEIRO

OldPlay
Parque infantil (Parque do Anllóns)

PROGRAMA DE SALA

VOADORA

Othello
Pazo da Cultura
20.30 h | 10 €

MARTES 26 E MÉRCORES 27 OUT

FIOTEN

TALÍA TEATRO

Centros de Educación de Secundaria e Pazo da Cultura
11.00 h | Función Escolar

VENRES 29 OUT

PROGRAMA DE SALA

NUEVE DE NUEVE TEATRO

Con lo bien que estábamos
(Ferretería Esteban)
Pazo da Cultura
21.00 h | 10 €

+ info en fiot.gal



PREMIO DA
CULTURA
GALEGA 2018



www.fiot.gal |    

ORGANIZAN:



PATROCINAN:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Deputación
DA CORUÑA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem

INSTITUTO NACIONAL
DE LAS ARTES ESCÉNICAS
Y DE LA MÚSICA

Fundación

Luis Calvo Sanz